

Exposición
YOU ARE NOT ALONE
21 outubro 2011 – 22 xaneiro 2012

‘ARTE E VIDA’

Un programa educativo para escolares

Nível: educación primaria

De 6 a 12 anos

Grazas por seleccionar o MARCO para esta visita escolar. Esta Guía é unha introdución ás actividades (visita + taller) deseñadas polo departamento educativo para a exposición titulada:

‘YOU ARE NOT ALONE’

Durante a visita abordaremos conceptos como o que significa o MARCO, cal é a súa función, e como ver e gozar a arte contemporánea. Introducimos o concepto de exposición e explicamos o contido da mostra que van ver.

A visita e taller de **Primaria** ten unha duración aproximada de **1 hora e 15 minutos**. Para o seu mellor aproveitamento, o persoal educador organiza os participantes de cada centro en grupos de 25 alumnos/ás. É necesario que os adultos que acompañan ao grupo permanezan con eles en todo momento. Non está permitido comer e beber no museo, exceptuando a zona de cafetería. Se o grupo ten algunha necesidade especial, ou prefires adaptar a visita na súa duración ou contidos, non dubides en comunicalo con antelación ao noso departamento educativo.

Seleccionamos algunhas obras e preparamos un percorrido pola exposición para desenvolver a visita en función das idades e dos contidos que se intentan transmitir. Procuramos conducila tratando en todo momento de conseguir o auto descubrimento, formulando preguntas para que sexan eles mesmos os que ofrezan as respostas ao que están a percibir. Durante a visita a esta exposición centrarémonos en aspectos da educación artística, estética e emocional, utilizando as obras como pretexto para traballar a comunicación visual.

En consonancia co contido desta exposición, o noso discurso presenta un contido social, facendo referencia á capacidade do ser humano de mostrar a súa solidariedade e apoio ante os problemas que afectan á sociedade; tratando de reflexionar, con especial delicadeza, sobre o contido da mostra, e contribuindo así á educación ética e cívica dos participantes.

A exposición

“Cando compartes, non estás só”

Han Nefkens, fundador e presidente da Fundación ArtAids

A exposición YOU ARE NOT ALONE invita, a través dunha selección de obras de 18 artistas internacionais, á reflexión sobre a discriminación e estigmatización que sofren os enfermos de SIDA. Aínda que os avances médicos permitiron, polo menos nalgúns países, aumentar a esperanza e calidade de vida, o rexeitamento social non remata de diminuír.